


Á vista da proposta de transformación de consorcio a convenio dos montes "Malladagrande e Lastredo (OR-2024)" e "Travesa (OR-2021), pertencentes á Comunidade de Laza e Cimadevila, no término municipal de Laza, provincia de Ourense, remitida polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense en data 16 de novembro do ano en curso e unha vez examinado o contido do Acordo adoptado pola comunidade propietaria de data 19 de marzo do ano en curso, condicionante, por parte da comunidade propietaria, para a realización da transformación, esta Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais informa a V.I. canto segue:

Primero.- No contido do Acuerdo adoptado pola Asamblea Xeral da Comunidade de Montes Vecinais en Man Común de Laza e Cimadevila, faise referencia a "... oferta da Subdirección Xeral de Montes da Xunta de Galicia para futura xestión e aproveitamento dos beneficios do Monte, previa transformación do actual Consorcio en Convenio". A citada oferta, que non consta nesta Subdirección Xeral que se fixera en ningún momento e, de feito, non está plasmada en ningún documento escrito, recolle unha serie -en total de oito- de cláusulas particulares do convenio que vulneran na súa maior parte o espírito e a finalidade que a Administración persigue coas transformacións dos Consorcios en Convenios.

Segundo.- Esta Subdirección Xeral, en consecuencia có exposto no párrafo anterior, entende e así o propón, que a única forma viable para a modificación das condicións establecidas no Consorcio suscrito en data 8 de agosto de 1948 có antigo Patrimonio Forestal do Estado, sería a través das Bases de Convenio establecidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para este tipo de procedimentos.

Non obstante V.I., con superior criterio, resolverá.
Santiago de C., 22 de novembro de 1995.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS.



Asdo./ Plácido Baamonde López.

C O N V E N I O

N.º	321	5591
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ILDEFONSO FERNANDEZ NOVOA, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de LAZA e CIMADEVILA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do OITO DE AGOSTO DE MIL NOVECENTOS CORENTA E OITO .--- para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de LAZA e CIMADEVILA, e son os que a continuación se describen:

Denominación: Monte "MALLADA GRANDE E LASTREDO (OR-2024) e monte TRAVESA (OR- 2021)

Termo municipal: LAZA, Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: Monte Veciñal en Mán Común dos veciños de Laza e Cimadevila.

Límites:

N.: Monte Xeixadelo de Villameá, e monte de Correchoso.

S.: Montes e termos da parroquia de Matamá.

L.: Río "Cabras" dividindo co monte do Reventon mancomunado de Toro e destes pobos de Laza e Cimadevila, río "Cereixo" dividindo co monte citado e termo de Trez, monte "Raposa" e "Ortiga" de Trez.

O. Monte "Touza" mancomunado de Laza, Cimadevila e Souteliño, e termos de Villameá.

Superficie: 1.079 Has.

Estado forestal:

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 641 Has. monte MALLADA GRANDE E LASTREDO E 154 Has. monte TRAVESA

Sen vexetación arbórea: 150 Has.

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade propietaria do monte (Laza e Cimadevila)

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50.--- por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50.--- por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN.--- por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 791 Has. monte MALLADA GRANDE E LASTREDO e 154 Has. monte TRAVESA.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 .--- por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70 .--- por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o cero.--- por cento, e a comunidade propietaria, o cen.--- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser suscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta .--- anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pinus Pinaster,
~~Pinus silvestris e calquera outra especie que se considere idónea para os montes~~

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado " TRAVESA, LASTREDO Y MALLADA GRANDE" a favor dos veciños de Laza e Cimadevila, Concello de Laza, segundo Acordo do 25-03-76.—

2.— Que, así mesmo, figura Don IDELFONSO FERNÁNDEZ NÓVOA -----, e Don FLORENCIO BLANCO CONDE -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o 4 de abril de 1993 ata o 4 de abril de 1997. --

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense -----, a 9 de novembro de 1995.



Don Florencio Blanco Conde -----, Secretario da Comunidade de montes veciñais en man común de Laza e Cimadevila.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día dezanove de marzo de 1.995.— estando designado Don Ildefonso Fernández Novoa ----- representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Laza ----- a vinteseis de setembro de mil novecientos noventa e cinco.

O SECRETARIO,



Visto e prace,

PRESIDENTE

Asdo.: Ildefonso Fernández Novoa

Asdo.: Florencio Blanco Conde

D. -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibíuse neste Servicio escrito de D. Ildefonso Fernández Novoa, en calidade de presidente da comunidade de Laza e cimadevila con data 29 de decembro de 1995, solicitando a transformación do consorcio en convenio coa Xunta de Galicia, conforme as bases xenerales recollidas no modelo oficial.

2º.- Que se acompaña o escrito certificación do secretario da comunidade, que se adxunta, de que en reunión extraordinaria, en data 16 de decembro de 1995, tomouse o acordo de solicitar a transformación dos actuais consorcios en convenio coa Xunta de Galicia, conforme as bases xerais recollidas no modelo oficial.

3º.- Que o día 23 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte "TRAVESA, LASTREDO E MALLADAGRANDE", do Tº Municipal de Laza, non habiéndose presentado reclamación algunha contra dito acordo, publicado no B.O. da Provincia, tomando o caracter de firme.

4º.- Que o monte "TRAVESA". forma parte do monte consorciado no ano 1948, co nome "TRAVESA" OR-2021.

5°.- Que o monte "MALLADA GRANDE E LASTREDO", forma parte do monte consorciado no ano 1948, co nome "MALLADA GRANDE E LASTREDO" OR-2024.

6°.- Que a superficie total consorciada do monte "MALLADA GRANDE E LASTREDO", OR-2024 é de 1.013 Hás. das que pertecen á Comunidade de Laza e Cimadevila 791 Hás.

7°.- Que a superficie total consorciada do monte "TREVESA" OR-2021, é de 788 Hás. das que pertecen á Comunidade de Laza e Cimadevila 154 Hás.

- Polo tanto a superficie obxecto de este convenio consta de 791 Hás. consorciadas do OR-2024, 154 Hás. do OR-2021 e 134 Hás. sen consorcio propiedade da comunidade de Laza e Cimadevila que totalizan 1.079 Hás.

8°.- Que o estado de contas do monte "MALLADA GRANDE E LASTREDO", OR-2024 é o seguinte: (no ano 1995, non tendo gastos nin ingresos).

ATA O 23 DE MARZO DE 1976

- GASTOS POR TRABALLOS	7.385.604,27 Ptas.	
Corresponden o monte clasificado para Laza e Cimadevila:		
-Traballos: 7.385.604,27x791/1013	5.767.041,4	"
-Gardería 655 ptas./Ha.x791 Hás.	518.105,0	"
-Administración: 7,85%/5.767.041,4	452.712,7	"
	<hr/>	
TOTAL	6.737.859,1 Ptas.	
- INGRESOS	619.848,04	"

Corresponden o monte clasificado
para Laza e Cimadevila:

-Aproveitamentos maderables:

619.848,04x791/1.013 484.007,70Pts.

-Condoación débeda Lei 13/1989.. 6.253.851,40 "

TOTAL 6.737.859,10 Ptas

DENDE O 23-III-1976 O 31 DE DECEMBRO DE 1994

-GASTOS POR TRABALLOS 25.672.240.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Laza e Cimadevila:

-Traballos: 25.672.240 ptas.x791/1.013.... 20.046.142.-Ptas

-Gardería: 950 ptas./Hax 791 Has. 751.450.- "

-Administración: 7,85% s/20.046.142 1.573.622.- "

TOTAL 22.371.214.-Ptas

-INGRESOS 16.879.825.-Ptas

Corresponden o monte clasificado para Laza e
Cimadevila:

-Aproveitamentos maderables:

16.879.825x791/1.013..... 13.180.594.-Ptas

O SALDO DA CONTA DO MONTE "MALLADA GRANDE E LASTRESDO" OR-2024
NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE LAZA E CIMADEVILA É.

G-I = 22.371.214 ptas. - 13.180.594 ptas. = 9.190.620.-Ptas.

A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

9°.- Que o estado de contas do monte "Travesa" OR-2021 é seguinte: (no ano 1995 non ten gastos nin ingresos).

HATA O 23 DE MARZO DE 1976

-GASTOS POR TRABALLOS 5.973.711,3 Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Laza e Cimadevila:

-Traballos: 5.973.711,3x154/88.. 1.167.451,2 Ptas.

-Gardería: 655 ptas./Ha.x154 Has. 100.870,0 "

-Administración: 7,85% s/1.167.451,2 91.644,9 "

TOTAL 1.359.966,1.-Ptas.

DENDE O 23-III O 31 DE DECEMBRO DE 1994

-GASTOS POR TRABALLOS 19.585.148.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Laza e Cimadevila:

-Traballos: 19.585.148x154/788.. 3.827.554.-Ptas.

-Gardería: 950ptas./Ha. x 154 Has. 146.300.- "

-Administración: 7,85% s/3.827.554 300.463.- "

TOTAL 4.274.317.-Ptas.

-INGRESOS

Corresponden o monte clasificado para Laza e Cimadevila:

-Aproveitamentos maderables:

14.701.882x154/788..... 2.873.210.-Ptas.

QUE O SALDO DA CONTA DO MONTE "TRAVESA" OR-2021 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE LAZA E CIMADEVILA É:
G-I = 4.274.317.-Ptas. - 2.873.210.-Ptas. = 1.401.107.-Ptas.
A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

10°.- Que a débeda total do monte "TRAVESA, MALLADA GRANDE E LASTREDO" dos veciños de Laza e Cimadevila é:

DEL TRAVESA (OR-2021)	1.401.107.-Ptas.
DEL MALLADA GRANDE E LASTREDO (OR.2024)	9.190.620.- "
TOTAL.	<hr/> 10.591.727.-Ptas.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

Que se aprobe o convenio coas seguintes bases:

Nome: "TRAVESA, MALLADA GRANDE E LASTREDO".

Elenco: 3215591.

Superficie: 1.079 Has.

Pertenza: Veciños de Laza e Cimadevila.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interes sobre ó anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 10.591.727.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Ado.: Carlos del Alamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación dos consorcios dos montes veciñais en man común "MALLADA GRANDE E LASTREDO" OR-2024 e "TRAVESA" OR-2021 nun Convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e Comunidade de Laza e Cimadevila propietaria dos citados montes que afectarían a 1.079 Has, sitas no termo municipal de Laza (Ourense) e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurída entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 1996



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SE DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

Que se aprobe o convenio coas seguintes bases:

Nome: "TRAVESA, MALLADA GRANDE E LASTREDO".

Elenco: 3215591.

Superficie: 1.079 Has.

Pertenza: Veciños de Laza e Cimadevila.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: 10.591.727.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR.DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	5591
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a oito de marzo de mil novecentos noventa e seis.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ILDEFONSO FERNANDEZ NOVOA, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Laza e Cimadevila, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do OITO DE AGOSTO DE MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de LAZA e CIMADEVILA

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "MALLADA GRANDE E LASTREDO" (OR-2024) e monte TRAVEZA (OR-2021)

Termo municipal: LAZA

Provincia:

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común dos veciños de Laza e Cimadevila

Límites:

N.: Monte Xeixadelo de Villameá de Correchouso

S.: Montes e termos da parroquia de Matamá

L.: Río "Cabras" dividindo co monte do "Reventón" mancomunado de Toro e destes pobos de Laza e Cimadevila, río "Cereixo" dividindo co citado monte e termo de Trez, monte "Rapa sa" e "Ortiga" de Trez.

O.: Monte "Touza" mancomunado de Laza, Cimadevila e Souteliño, e termos de Villameá

Superficie: 1.079 Ha

Estado forestal: 795 Has. arboladas con genero pino y 284 Has. rasas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 641 Ha monte MALLADA GRANDE E LASTREDO e 154 Ha monte TRAVESA

Sen vexetación arbórea: 150 Ha + 134 Has. sin consorciar = 284 Has.

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade propietaria do monte (Laza e Cimadevila)

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 791 Ha monte MALLADA E LASTREDO e 154 Ha monte TRAVESA.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o cerca por cento, e a comunidade propietaria, o cen por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pinus Pinaster, Pinus silvestris, e calquera outra especie que se considere idónea para os montes.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "TRAVESA, LASTREDO y MALLADA GRANDE" a favor dos veciños de Laza e Cimadevila, no Concello de LAZA.

2.— Que, así mesmo, figura Don IDELFONSO FERNÁNDEZ NÓVOA, e Don FLORENCIO BLANCO CONDE, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde o 4 de abril de 1993 ata o 4 de abril de 1997.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, a 29 de xaneiro de 1996



Don Florencio Blanco Conde, Secretario de Comunidade de montes veciñais en man común de Laza e Cimadevila

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día dezaseis de decembro de 1995 estando designado Don Ildefonso Fernandez Nôvoa representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Laza, a dezaoto de xaneiro de mil novecentos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: Ildefonso Fernández Nôvoa

Asdo.: Florencio Blanco Conde

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D

O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)



O Xefe do Servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa do seguinte:

I.-ANTECEDENTES

Con fecha 11 de abril de 2005 (nº de registro de entrada 8261), D. Ildefonso Fernández Novoa, como presidente de la comunidad de montes de Laza, Cimadevila y Souteliño, solicita la rescisión de los convenios denominados “Travesa, Lastredo e Mallada Grande”, con número de elenco 321/5591 y “Touza”, con nº de elenco 321/55111, conforme a los acuerdos de la Asamblea General de 12 de julio de 2003 (Se adjuntan certificados de estos acuerdos). Así mismo se indica que en el caso de existir algún saldo acreedor se descuenta de los aprovechamientos pendientes de liquidación a la comunidad.

El M.V.M.C. denominado “Travesa, Lastredo e Mallada Grande” fue clasificado el 23 de marzo de 1976 a favor de los vecinos de Laza y Cimadevila. El M.V.M.C. denominado “Touza” fue clasificado el 25 de marzo de 1976 a favor de los vecinos de Souteliño, Laza y Cimadevila.

En sesión del Jurado Provincial de Montes de Ourense de 9 de julio de 2002 se tomó el acuerdo de proceder a la ejecución del acta de conciliación de 31/07/2001 y su complementaria de 21/12/2001, ampliando la titularidad del monte “Travesa, Lastredo e Mallada Grande” a los vecinos de Souteliño.

El convenio “Travesa, Lastredo e Mallada Grande” con nº de elenco 321/5591, fue aprobado por Resolución de la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes con fecha 8 de marzo de 1.996, extendiéndose sobre 1.079,00 has. El convenio “Touza” con nº de elenco 321/55111, fue aprobado por Resolución de la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes con fecha 19 de septiembre de 1996, extendiéndose sobre 1.372,00 has.

II CUENTA DE GASTOS E INGRESOS

El saldo del convenio 321/5591 a día de hoy es de 1.744,77 € a favor del monte y el del convenio 321/55111 es de 1744,77 € a favor de la Xunta de Galicia, por lo que el saldo de la comunidad de montes de Laza, Souteliño y Cimadevila es de 0,00 €.

El estado contable de los montes puede verse en las hojas adjuntas, compensándose un monte con el otro al ser el propietario el mismo. Quedaría pendiente el ingreso del 100 % de un aprovechamiento que está pendiente de liquidar por no haber sido ejecutada aún la corta.

III ESTADO FORESTAL

Los montes se encuentran arbolados en su mayor parte, y poseen dos Planes de Ordenación de Montes Arbolados, uno para cada uno de ellos. Ambos están propuestos para inscribirse en el Registro de Montes Ordenados, e incluidos en el sistema de certificación forestal.



Por todo isto **proponemos**:

PRIMEIRO.- Que se aprrobe a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Travesa, Lastredo e Mallada Grande
Elenco: 321/5591
Superficie: 1.079,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

SEGUNDO.- Que se aprrobe a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Touza
Elenco: 321/55111
Superficie: 1.372,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2005

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,

P.A.

O Xefe do Servizo de Xestión de Montes

Jacobo Aboal Viñas

Visto e prace

**O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,**

Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-
Santiago de Compostela.-



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, relativo á rescisión dos convenios 321/5591 do monte vecinal en man común "TRAVESA, LASTREDO E MALLADA GRANDE" e 321/55111 do monte vecinal en man común "TOUZA", ambos propiedade da Comunidade vecinal de Laza, Souteliño e Cimadevila, do Concello de Laza.

Vistas as certificacións de data 9 de marzo de 2005 do Secretario da Comunidade vecinal propietaria dos citados montes, nas que se fai constar que en asemblea xeral ordinaria celebrada o 12 de xullo do 2003, acordouse cancelar os convenios dos montes da súa propiedade.

Visto o escrito de data 10 de marzo de 2005, do Presidente da Comunidade vecinal de Laza, Cimadevila e Souteliño no que se solicita a rescisión dos convenios celebrados para os montes "Travesa, Lastredo e Mallada Grande" e "Touza".

Visto o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense de data 27 de xuño de 2005, no que se manifesta o seguinte:

- Que o saldo da Comunidade de Montes de Laza, Souteliño e Cimadevila é na actualidade de 0,00 euros.
- Que os montes atopanse arborados na súa maior parte, e poseen ambos un Proxecto de Ordenación, aprobado por Resolucións do Director Xeral de Montes e Industrias Forestais de 27 de xuño de 2005.
- En consecuencia, propónse a rescisión dos convenios 321/5591 do monte "TRAVESA, LASTREDO E MALLADA GRANDE", cunha superficie de 1.079,00 ha., e 321/5111 do monte "TOUZA", cunha superficie de 1.372,00 ha.

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión dos convenios dos montes "TRAVESA, LASTREDO E MALLADA GRANDE" e "TOUZA", nos termos propostos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2005.
A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,


Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Travesa, Lastredo e Mallada Grande
Elenco: 321/5591
Superficie: 1.079,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

SEGUNDO.- Aprobar a rescisión total do convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Touza
Elenco: 321/55111
Superficie: 1.372,00 has.
Pertenza: Laza, Souteliño e Cimadevila
Concello: Laza

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2005

O CONSELLEIRO
(por Orde do 29/1/2003)
O Secretario Xeral,

Justo de Benito Basanta



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-